

Ceip Xoán de Requeixo curso 2019-2020

Adaptación programación 5º primaria

Despois de abandonar as nosas aulas o día 13 de marzo pola pandemia do Covid 19, elaboramos unha adaptación da programación de 5º de primaria do CEIP Xoán de Requeixo que anexamos á programación presentada a principio de curso.

Nesta programación temos en conta a situación na que se atopan os alumnos/as, así como tamén as condicións de materiais que teñen para traballar a distancia. Os mestres facemos un seguimento individualizado de cada alumno/a, e mantemos comunicación en todo momento coas familias.

Estamos a traballar cos nosos medios (ordenadores persoais, teléfonos móbiles persoais...) coa finalidade de que ningún neno/a se quede sen ser atendido. Temos que ser conscientes da situación de cada familia, e tratar de axudalas en cada momento.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Matemáticas

Aplica os contidos adquiridos nos dous primeiros trimestres do curso, tanto nas actividades de repaso como naquelas de ampliación, de ser o caso. Nestas actividades son aplicables, sumas, restas, multiplicacións, divisións, fraccións, distintas unidades de medida...

Lingua castelá e lingua galega

Comprende textos adaptados a súa idade. Resume eses textos e contesta ás preguntas de comprensión sobre os mesmos, redactándoas axeitadamente.

Adquire e emprega vocabulario en diferentes textos e traballos.

Elabora textos, tanto en poesía como en prosa, aplicando o aprendido.

CCNN e CCSS

Elabora esquemas de diferentes apartados dos temas, e responde ás preguntas relacionadas con estes temas.

Realiza debuxos de diferentes apartados que sexan referente de aprendizaxe do traballo.

1.1 “Competencias: son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”

As **competencias clave** do currículo son as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCT).

3. Competencia dixital(CD)

4. Aprender a aprender (CAA).

5. Competencias sociais e cívicas (CSC).

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Ao ser as competencias un elemento organizador van ter influencia, non só nos contidos e na avaliación, senón tamén na metodoloxía. A *acción tutorial* permanente pode contribuír de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais. Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

En canto aos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles manteremos os da programación inicial, xa que neste trimestre, e debido ás circunstancias xa comentadas, imos a traballar actividades de reforzo, repaso e recuperación dos dous primeiros trimestres.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Nesta 3ª avaliación teremos en conta o traballo que se lle vai entregando ás familias semanalmente, e que nos terán que ir remitindo cada día. Segundo a orde da consellería, só se poderá valorar positivamente, e non se terá en conta negativamente (sumarase como máximo 1 punto positivo a aqueles alumnos/as que entreguen as tarefas diariamente, ben feitas) As tarefas son corrixidas diariamente e devoltas ao alumnado para a súa comprobación(correo electrónico, whatsApp...).</p> <ul style="list-style-type: none">● Observación sistemática do traballo realizado.● Análise e valoración das tarefas creadas.● Comprobación das tarefas realizadas.

	<p>Instrumentos:</p> <p>Ordenador persoal</p> <p>Teléfono móbil persoal (teléfono, whatsApp)</p> <p>Programa eva-edixgal</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Teremos en conta as notas obtidas nas dúas primeiras avaliacións e puntuaremos positivamente (máximo 1 punto) a aqueles alumnos/as que entreguen os traballos a diario, ben feitos, nesta última avaliación. Prestaremos especial atención a aqueles alumnos/as que non teñen internet e traballan nos seus cadernos na casa. Sabemos que lles supón un esforzo maior que teremos presente á hora de avaliar. Respectaremos o ritmo individual de cada alumno/a</p> <p>A valoración será do seguinte xeito:</p> <p>Actividades resoltas en prazo, máis ou menos ben feitas 0,50</p> <p>Actividades sen ningún erro 0,25</p> <p>Realización de traballos voluntarios e lectura de libros 0,25</p> <p>Actividades con gran número de erros 0 (só podería sumar 0,25 se presenta os traballos voluntarios)</p> <p>0,50 + 0,25 + 0,25 = 1 punto</p>

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Serán de recuperación, repaso, reforzo e en algún caso, ampliación</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso da 1ª e 2ª avaliación. • Actividades de reforzo. • Actividades de ampliación con contidos xa dados, pero ampliados e outros novos axeitados ao ritmo do alumnado. • Actividades dos libros do seu ordenador. • Xogos e vídeos. <p>Presentación de traballos</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>As actividades son enviadas semanalmente. Enviámolas os fins de semana previos. Como traballamos con edixgal, enviamos de dúas maneiras: exercicios para facer en edixgal ou no caderno para os alumnos/as que teñen internet nas súas casas, e en imaxes os exercicios de edixgal para os alumnos/as que non teñen internet(3 en 5º) para que fagan todos os exercicios nos seus cadernos.</p> <p>As tarefas van distribuídas por días e por materias. Os alumnos/as deben remitilas ao finalizar cada día, aínda que somos flexibles atendendo a cada caso particular. As que se fan en edixgal, xa as corriximos directamente, e as outras son enviadas por correo electrónico, whatsApp... Son enviadas en word, pdf, imaxes...</p>
Materiais e recursos	Fichas elaboradas polos titores, temario de Netex e aulaPlaneta (edixgal).
1. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As familias son informadas mediante correo electrónico, grupos de whatsApp, programa DOJO, teléfonos particulares da mestra/e.

Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.
--------------------	--

Chantada, 4 de maio de 2020